



PROBAS DE ACCESO 2022/2023 | MONÓLOGO 1

Fixeno todo demasiado cedo, de feito.

Son a moza que consome a vida, pero que a consome mal. É dicir, que como o fixen todo tan ó principio...

Por exemplo, comer unha pera, a ver, non sei moi ben como é a cousa, cando comín a pera por primeira vez non estaba madura, sabedes?, estaba verde.

E iso déixache un sabor amargo nos dentes e sobre a lingua, cando vomitas a pel e o de dentro. Porque non había ninguén pra dicirme que non era o mellor momento pra levala á boca. Entón deixei pasar moito tempo antes de decidirme a comer outra pera, no seu punto esta.

Sabedes por que lle poñen cera vermella ás peras no rabo? Pode parecer unha parvada, mais é realmente fundamental, de feito. Pois resulta que as peras podrecen por aí, polo rabo. É de tolos, podrecen polo rabo, bótanse a perder por aí, murchan por iso, é curioso. Entón, todo se bota a perder se non hai a capucha vermella, comeza a rillala, a roe-la estrutura por dentro, no seu ventre, e iso estrágaa toda, a modo pero de seguro, como a carne dos peixes que se separa facilmente da espiña.

Hai pequenas pintas marróns que aparecen un pouco por todas partes e que tranquilamente, sen facer mal ó principio, comezan a agrandar, a amolece-la carne... e finalmente, un pouco como as espullas, gangrénaa, que sei eu, e logo xa non hai quen a sosteña, intentar collela da caixa, o rabo quédache nas mans, e a pera xa non se ten, está enchoupada, negra no interior, vedes esta putada de envellecemento, esta aceleración das células de merda que non combaten máis, que non aguantan, que xa non...

É cando aínda está ben verde, dura, que hai que poñerlle un pouco de cera, pra que ela madure lentamente día tras día, como deus manda.

Eu, fixeno todo demasiado cedo.

Crónicas de noites enteiras e días enteiros, de Xavier Durringuer.
Tradución do francés de Fran Peleteiro.